

Guía de tramitación para xustificación 2022

Unha vez notificadas as subvencións concedidas, os clubs beneficiarios deberán xustificalas da seguinte maneira:

- Se a modalidade deportiva se corresponde coa temporada 2021-2022, xustificaranse ata o 31 de decembro de 2022
- Se a modalidade deportiva se corresponde coa temporada 2022 (ano natural), xustificaranse ata o 28 de febreiro de 2023

Para cobrar a subvención as entidades deberán presentar a seguinte documentación obrigatoriamente por medios electrónicos a través do modelo "instancia xenérica" dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>):

- a) **Conta xustificativa** na que se relacionarán os conceptos dos gastos por un importe igual ou superior ao orzamento presentado coa solicitude. Anexos II (conta xustificativa) e III (continuación) e as axudas solicitadas e recibidas doutras administracións públicas, segundo o establecido no artigo 24.1.B.f. da Ordenanza xeral de subvencións. Na conta xustificativa especificaranse as facturas presentadas para xustificar a subvención concedida, e declararase que esas facturas non se utilizaron para xustificar outras subvencións.
- b) **Facturas ou documentos análogos** con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo polo importe da subvención concedida; indicaranse en cada factura o número de unidades, os prezos unitarios e o prezo total de cada unidade.
- c) **Anexo IV**. Memoria. Na que se xustifiquen as medidas de publicidade e difusión da subvención, por medio de fotografías onde se vexa de forma clara e inequívoca cada unha das actuacións requiridas. O feito de que as entidades non xustifiquen correctamente as medidas de publicidade e difusión constituirá unha infracción e poderá ser sancionable por parte do servizo instrutor, e reducirase a correspondente subvención

Pode descargar todos os anexos en:

<https://sede.depo.gal/web/public/publications/list/forms/FORMS/details/81489001>